

Festiclown 2007

Santiago de compostela
do 30 de xullo ao 5 de agosto de 2007



FESTICLOWN 2007

GLOWNOCATORIAS ARTISTICAS

>> MARACLOWN

Pasar a gorra como unha forma máis de facer cultura, a rúa como outro escenario máis. Unha programación constante de espectáculos en diversas prazas de Santiago de Compostela para todos os públicos. No Festiclown ata as prazas son teatros invadidos polo clown, por iso o Maraclown é un espazo aberto no que o artista e o público casual podrán comunicarse directamente.

A organización asumirá o aloxamento da compañía en réxime de albergue as noites que a compañía esté en programa, ou ben, unha comida por persoa da compañía os días de actuación.

CONDICIÓN:

- Recepción de solicitudes de participación ata o 1 de xullo de 2007
- A duración máxima de cada espectáculo será de 50 minutos, incluíndo montaxe, convocatoria e desmontaxe.
- Débese adxuntar a seguinte documentación:
 - 1.- Breve currículo da compañía.
 - 2.- Breve sinopse ou descripción do espectáculo.
 - 3.- Vídeo e fotos (formato .jpg) do espectáculo.
 - 4.- Número de pases que a compañía desexa facer por día.
 - 5.- Datas nas que a compañía podría estar no Festiclown Compostela 2007 (do 1 ao 5 de agosto)
 - 6.- Idioma, xénero artístico e duración do espectáculo
 - 7.- Indicar se sería estrea do espectáculo en Galicia

SELECCIÓN:

O alumnado participante nos cursos de formación do Festiclown terá preferencia nos criterios de selección.

>>CLOWN-OFF

Durante dúas das noites do festival celebrarase a altas horas unha Clown-Off nun lugar da cidade, no que as compañías ou actores e actrices podrán presentar espectáculos que están en preparación ou pouco rodados e precisan unha presentación con público.

Festiclown 2007

Santiago de compostela
do 30 de xullo ao 5 de agosto de 2007



Na sección Clown-off os artistas atoparán un marco incomparable para unha estreita relación co público, combinado a experimentación coa profesionalidade. Un espacio singular para difundir e arroupar novos proxectos artísticos.

CONDICIÓNNS

- Recepción de solicitudes de participación ata o 5 de xullo de 2007
- A participación realizarase coas condicións técnicas da sala.
- Débese adxuntar a seguinte documentación:
 - 1.- Breve currículo da compañía
 - 2.- Breve sinopse ou descripción do espectáculo
 - 3.- Vídeo e fotos (formato .jpg) do espectáculo ou ensaios
 - 4.- Idioma, xénero artístico e duración do espectáculo.
 - 5.- Indicar se sería estrea do espectáculo en Galicia.

>> CERTAME INTERGALÁCTICO

Unha importante plataforma para a difusión do clown, na que as compañías interesadas poderán presentar os seus traballos tanto en interior como en rúa e ser valoradas polo público do Festiclown.

(A INFORMACIÓN COMPLETA SOBRE ESTA CONVOCATORIA ESTARÁ DISPOÑIBLE EN BREVE)

DATOS PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Enviar solicitude de inscrición ben por correo postal ao: Apdo. 2036. 15780 de Santiago de Compostela, ben por e-mail a: info@festiclown.org e/ou a través da web: www.festiclown.org, adxuntando sempre os documentos requeridos para cada convocatoria.

O 11 de xullo de 2007 farese público a través da web www.festiclown.org o listado de compañías seleccionadas para cada unha das clownvocatorias. Estas deberán contactar coa organización antes do día 14 de xullo para pechar as cuestións técnicas e organizativas. En caso de non facelo dentro de este prazo pasará a unha lista de agarda.

Todos os artistas e compañías que sexan finalmente seleccionadas en cada unha das convocatorias serán publicadas no catálogo e na web do festival.

NOTA

As persoas participantes nas convocatorias disporán dun Pavillón Público para durmir os días das actuacións. A organización non aportará NINGUN MATERIAL para durmir, debendo traer as participantes saco, esterilla, manta ou aquilo que crean preciso para durmir. As persoas

Festiclown 2007

Santiago de compostela
do 30 de xullo ao 5 de agosto de 2007



interesadas en solicitar unha praza deberán facelo cubrindo o formulario que aparece na web (dispoñible a partir do 10 de xuño).

Festiclown - CONTACTO

Festiclown

Aptdo. de Correos 2036
15780 - Santiago de Compostela (A Coruña)
981 582 836
info@festiclown.org